**Expediente núm.:** 602/2023
**Actividade:** Nomeamentos
**Procedemento:** Nomeamentos
**Asunto:** Programa provincial de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023
**Entidade concedente:** Deputación Provincial de Ourense

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 31/03/2023
HASH: 0673c44afcbcd1ff0db2e7dd2227ceaa

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 31/03/2023
HASH: e526107c0907eb683f2af9fb22ffb9f2

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0278 Data: 31/03/2023

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### Antecedentes

1. Con data 19.01.2023 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 15, as Bases reguladoras do "Programa provincial de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023".

2. Con data 20.01.2023, a secretaría – intervención deste Concello certifica que "*a Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión ordinaria, que tivo lugar o día dezanove de xaneiro de dous mil vinte e tres, adoptou, entre outros, o acordo que copiado literalmente, di:*

   ***"3.3.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2023.***
   ***(...)***
   ***Primeiro.-*** *Aprobar a adhesión deste Concello do Pereiro de Aguiar ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023, e solicitar a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 euros."*

   O rexistro electrónico de entrada da Deputación Provincial de Ourense é núm. 2023003248.

3. O 16.03.2023, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 62, a Resolución núm. 2023/2966, 07 de marzo de 2023, da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense sobre concellos adheridos ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023, outorgando ó Concello do Pereiro de Aguiar a subvención solicitada por importe de 20.000,00 €.

4. Con data 03.03.2023 dítase a Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 0188 sobre o asunto "Readmisión de traballador/a en execución de sentencia en caso de despido improcedente ", do tenor literal seguinte:

   "***Primeiro.-*** *Readmitir a Elidio de Alonso Gómez ( 671 ) como persoal laboral indefinido descontinuo non fixo deste Concello en cumprimento da Sentenza Nº 67/23 ditada polo Xulgado do Social Nº 4 de Ourense con data 10 de febreiro de 2023.*
   ***Segundo.-*** *Executar a readmisión de Elidio de Alonso Gómez ( 671 ó Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o/s exercicio/s correspondente/s, cumprindo co mandato da Sentenza Nº 67/23 ditada polo Xulgado do Social Nº 4 de Ourense - readmita al actor en las mismas condiciones que regían antes de producirse el despido-.*
   ***Terceiro.-*** *Realizar o chamamento do dito traballador coa antelación suficiente para levar a cabo a obra/servizo subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense ao abeiro do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o/s exercicio/s correspondente/s.*"

Cod. Validación: QY2Y9KTE95244PTFS79KEXQHQ
Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

5. O 20.03.2023 iniciouse o expediente para seleccionar tres (3) operarios de servizos varios, en réxime de persoal laboral para a obra / servizo "limpeza e acondicionamento de espazos públicos", subvencionada en 20.000,00 € pola Excma. Deputación Provincial de Ourense, ao abeiro das bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023 (BOP núm. 15 do 19.01.2023 e BOP núm. 62 do 16.03.2023).

6. O noso Concello levou a cabo un proceso selectivo ao abeiro das Bases que rexen a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023 (BOP núm. 264 do mércores 17 de novembro de 2021). A raíz do cal, ten constituída unha Bolsa de Reserva de persoal laboral temporal para os exercicios 2022 – 2023, co obxecto de cubrir posibles situacións derivadas de incapacidades laborais temporais, vacacións, permisos ou licenzas ou excepcionalmente para atender servizos temporais, estacionais ou urxentes que non poidan prestarse co persoal existente e requiran puntualmente a contratación de persoal laboral temporal.

7. O 20.03.2023, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2023 - 0237, cuxo asunto: Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023. Actualización da quenda de reserva (Operario de servizos varios), establece o que copiado literalmente di:

"***Primeiro.-*** *Actualizar a quenda de reserva para os efectos oportunos, establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023 na categoría profesional de "Operario de servizos varios" (artigo 15):*

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | DISCPACIDADE | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | COÑECEMENTO LINGUA GALEGA | PROBA DE COÑECEMENTOS | | PROBA LINGUA GALEGA | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | Test | Suposto práctico | | |
| 1 | Penedo Pérez Ramón Enrique | 193 | Si | - | 5,00 | 0,50 | 0,50 | 4,80 | 5,00 | - | 15,80 |
| 2 | Rodríguez Alvar Eduardo | 974 | si | - | 5,00 | 1,90 | 1,00 | 3,60 | 3,80 | - | 15,30 |
| 3 | Fomoso Iglesias Natalia | 326 | Si | - | 4,23 | 1,80 | 1,00 | 3,60 | 4,60 | - | 15,23 |
| 4 | Bermúdez González Alejandro | 080 | Si | - | 5,00 | 2,00 | 0,50 | 3,60 | 4,10 | - | 15,20 |
| 5 | Parada Mojón Jonathan | 315 | Si | - | 3,00 | 1,30 | 1,00 | 5,40 | 4,00 | - | 14,70 |
| 6 | Padrón Gómez Pablo | 987 | Si | - | 5,00 | 1,30 | 0,50 | 3,00 | 3,80 | | 13,60 |
| 7 | Pereira Fernández Raquel | 776 | Si | - | 5,00 | 0,10 | 0,50 | 4,20 | 3,40 | - | 13,20 |
| 8 | Borrajo Rodríguez Julio | 744 | Si | - | 3,50 | 2,00 | 0,50 | 3,00 | 3,70 | - | 12,70 |
| 9 | Batán Dopazo Javier | 055 | Non | - | 4,08 | 0,20 | 0,00 | 4,20 | 3,70 | APTO | 12,18 |
| 10 | Gómez Martínez Javier | 467 | Non | - | 2,78 | 0,50 | 0,00 | 4,20 | 4,60 | APTO | 12,08 |
| 11 | Abad Blanco Teófilo | 377 | Non | - | 2,17 | 2,00 | 0,00 | 3,00 | 4,60 | APTO | 11,77 |
| 12 | Dopazo Fernández Jesús | 360 | Non | - | 5,00 | 0,10 | 0,00 | 3,00 | 3,10 | APTO | 11,20 |
| 13 | Dibuja Barroso David | 062 | Si | - | 0,71 | 0,50 | 0,50 | 3,60 | 5,70 | - | 11,01 |
| 14 | Vázquez Pérez José | 776 | Non | - | 2,30 | 0,40 | 0,00 | 3,60 | 4,70 | APTO | 11,00 |
| 15 | Taboada Gavilanes Noé | 593 | Si | - | 0,20 | 0,50 | 0,50 | 3,60 | 4,70 | - | 9,50 |
| 16 | Fernández Márquez Máximo | 990 | Si | - | 0,81 | 0,50 | 0,50 | 3,60 | 3,70 | - | 9,11 |
| 17 | Guede del Huerto José Antonio | 511 | Si | - | 0,00 | 0,00 | 0,50 | 4,20 | 4,30 | - | 9,00 |
| 18 | Pérez Blanco Baltasara | 936 | Si | - | 0,05 | 1,00 | 1,00 | 3,60 | 3,10 | - | 8,75 |
| 19 | Delgado Nieto Juan | 705 | Si | - | 0,69 | 0,50 | 0,50 | 3,00 | 3,50 | - | 8,19 |

*Así mesmo, informaráselle do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello."*

8. O 31.03.2023 o Departamento de persoal, emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral (indefinido descontinuo non fixo e temporal) para cubrir os postos de tres (3) operarios de servizos varios, para a obra / servizo "limpeza e acondicionamento de espazos públicos".

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0278 Data: 31/03/2023

Cod. Validación: QY2Y9KTE95244PTFS79KEXQHQ
Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

9. O 31.03.2023 o Departamento de persoal, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2023 - 0237 de data 20 de marzo de 2023.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Aceptar as renuncias á contratación para o posto de traballo de "operario de servizos varios", comunicadas en tempo e forma polos seguintes aspirantes:

- Ramón Enrique Penedo Pérez, con DNI núm. 719
- Natalia Formoso Iglesias, con DNI núm. 32

**Segundo.-** Contratar para o período comprendido entre o 01 de abril e o 30 de setembro de 2023, para a obra / servizo "limpeza e acondicionamento de espazos públicos" subvencionada en 20.000,00 € pola Excma. Deputación Provincial de Ourense, ao abeiro das bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023, na categoría profesional de "operario de servizos varios" ós/ás aspirantes que se detallan no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

| Nome do traballador/a | DNI | Grupo de cotiz. | Retribucións brutas mensuais | Base de cotización | % Cota patronal á S.S. | Seg. Social Concello mensual | Custo total mensual | Núm. meses | Custo total (total custo mensual x nº meses) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Elidio de Alonso Gómez | 57 | 10 | 1.402,91 | 1.402,91 | 38,30% | 537,31 | 1.940,22 | 6 | 11.641,32 |
| Eduardo Rodríguez Alvar | 297 | 10 | 1.402,91 | 1.402,91 | 38,30% | 537,31 | 1.940,22 | 6 | 11.641,32 |
| Alejandro Bermúdez González | 908 | 10 | 1.402,91 | 1.402,91 | 38,30% | 537,31 | 1.940,22 | 6 | 11.641,32 |
| CUSTO TOTAL | | | 4.208,73 | 4.208,73 | | 1.611,93 | 5.820,66 | | 34.923,96 |

**Terceiro.-** Formalizar os contratos de traballo atendendo ó disposto no artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e na Disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.
Os contratos de traballo formalizaranse conforme o seguinte:

- Co traballador Elidio de Alonso Gómez ( 0671 concertarase por escrito un contrato de traballo fixo – descontinuo no modelo de contrato de traballo indefinido a tempo completo con código de contrato 300.
- Cos traballadores Eduardo Rodríguez Alvar ( 297 e Alejandro Bermúdez González ( 08 concertarase por escrito o modelo de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral -código 405 para a contratación a tempo completo-.



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0278 Data: 31/03/2023
Cod. Validación: QY2Y9KTE95244PTFS79KEXQHQ
Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

**Cuarto.-** A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023 (artigo 15):

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | DISCPACIDADE | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | COÑECEMENTO LINGUA GALEGA | PROBA DE COÑECEMENTOS | | PROBA LINGUA GALEGA | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | Test | Suposto práctico | | |
| 1 | Penedo Pérez Ramón Enrique | 7193 | Si | - | 5,00 | 0,50 | 0,50 | 4,80 | 5,00 | - | 15,80 |
| 2 | Fomoso Iglesias Natalia | 9326 | Si | - | 4,23 | 1,80 | 1,00 | 3,60 | 4,60 | - | 15,23 |
| 3 | Parada Mojón Jonathan | 9815 | Si | - | 3,00 | 1,30 | 1,00 | 5,40 | 4,00 | - | 14,70 |
| 4 | Padrón Gómez Pablo | 4887 | Si | - | 5,00 | 1,30 | 0,50 | 3,00 | 3,80 | | 13,60 |
| 5 | Pereira Fernández Raquel | 2776 | Si | - | 5,00 | 0,10 | 0,50 | 4,20 | 3,40 | - | 13,20 |
| 6 | Borrajo Rodríguez Julio | 5744 | Si | - | 3,50 | 2,00 | 0,50 | 3,00 | 3,70 | - | 12,70 |
| 7 | Batán Dopazo Javier | 4055 | Non | - | 4,08 | 0,20 | 0,00 | 4,20 | 3,70 | APTO | 12,18 |
| 8 | Gómez Martínez Javier | 6467 | Non | - | 2,78 | 0,50 | 0,00 | 4,20 | 4,60 | APTO | 12,08 |
| 9 | Abad Blanco Teófilo | 5377 | Non | - | 2,17 | 2,00 | 0,00 | 3,00 | 4,60 | APTO | 11,77 |
| 10 | Dopazo Fernández Jesús | 2860 | Non | - | 5,00 | 0,10 | 0,00 | 3,00 | 3,10 | APTO | 11,20 |
| 11 | Dibuja Barroso David | 6062 | Si | - | 0,71 | 0,50 | 0,50 | 3,60 | 5,70 | - | 11,01 |
| 12 | Vázquez Pérez José | 5770 | Non | - | 2,30 | 0,40 | 0,00 | 3,60 | 4,70 | APTO | 11,00 |
| 13 | Taboada Gavilanes Noé | 5593 | Si | - | 0,20 | 0,50 | 0,50 | 3,60 | 4,70 | - | 9,50 |
| 14 | Fernández Márquez Máximo | 5990 | Si | - | 0,81 | 0,50 | 0,50 | 3,60 | 3,70 | - | 9,11 |
| 15 | Guede del Huerto José Antonio | 8511 | Si | - | 0,00 | 0,00 | 0,50 | 4,20 | 4,30 | - | 9,00 |
| 16 | Pérez Blanco Baltasara | 9936 | Si | - | 0,05 | 1,00 | 1,00 | 3,60 | 3,10 | - | 8,75 |
| 17 | Delgado Nieto Juan | 4705 | Si | - | 0,69 | 0,50 | 0,50 | 3,00 | 3,50 | - | 8,19 |

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**Quinto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

**Sexto.-** Dar conta da presente Resolución ó Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Sétimo.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0278 Data: 31/03/2023

Cod. Validación: QY2Y9KTE95244PTFS79KEXQHQ
Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4